

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 16 de marzo de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezaseis de marzo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(289).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións extraordinarias do 23, 25 e 27 de febreiro, da sesión ordinaria do 2 de marzo e das sesións extraordinarias do 4 e 6 de marzo de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(290).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/1872.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa do Servizo de Axuda no fogar, do 5.03.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a Prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup>. Concepción Santana Vázquez. Expte. 1872/23.

**3(291).- SOLICITUDE DA ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR A EDICIÓN XI DE RALLYE O DÍA 21 DE MARZO DO 2009. EXPTE. 8512/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.03.09, conformado polo Concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Escudería Rías Baixas a organizar o vindeiro sábado 21 de marzo de 2009, o XI EDICIÓN DEL RALLYE RÍAS BAIXAS , dita proba terá a saída ás 10.30 horas dende o aparcadoiro que está o lado do Verbum en Samil, a súa chegada está previsto que sexa ás 20.30 horas aproximadamente ao mesmo lugar (aparcadoiro do Verbum en Samil)”

**4(292).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR O IX TROFEO CIDADE DE VIGO MOUNTAIN BIKE OS DÍAS 20, 21 E 22 DE MARZO DO 2009. EXPTE. 8500/333**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.03.09, conformado polo Concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Asociación Deportiva RP3 a organizar os vindeiros días 20, 21 e 22 de marzo de 2009, o IX TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE , as probas comezan o venres día 20 e rematan o domingo día 22 ás 14.30 horas coa entrega de trofeos, dita proba desenvolverase nos Montes de Coruxo.

**5(293).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTOS MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE FEBREIRO 2009. EXPTE. 6286/306.**

Mediante providencia da concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 11.03.09, a concelleira delegada do Servizo de Medio Ambiente dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo durante o mes de febreiro de 2009, que son os seguintes:

Expte	Partida	Tipo	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
6204/306	4450.212.00.00	CM SER	Mantemento da caneira da Madroa	Varios	30/01/2009	18/02/2009	8.414,17€
6215/306	4533.210.00.00	CM SUM	Adquisición de material preciso para o mantemento dos areas	Varios	09/02/2009	02/03/2009	5.000,00€

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **6(294).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO DA PROTECTORA DE ANIMAIS PARA GATEIRA, NAS DEPENDENCIAS DA CANEIRA MUNICIPAL NA SUBIDA Á MADROA NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6138/306.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 11.03.09, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde redactado polo Programa UTIL (Unidade de Traballo para Inserción Laboral) para o proxecto de execución de acondicionamento da Protectora de Animais para gateira na Subida á Madroa do Concello de Vigo, de conformidade co contido do informe dos arquitectos municipais.

2º.- Iniciar as obras de acondicionamento da Protectora de Animais para gateira de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local do pasado 22 de decembro de 2008.

### **7(295).- SUBHASTA PARA CHATARRA DE 22 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 76013/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 10.03.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 22 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ao final da súa vida útil).

Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.

Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación de acordo da adxudicación), debendo presentar o xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

**8(296).- SUBHASTA PARA CHATARRA DE 28 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 76014/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 10.03.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 28 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ao final da súa vida útil).

Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.

Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación de acordo da adxudicación), debendo presentar o xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

**9(297).- SERVIZO URBANO DE TRANSPORTES A CIDADE UNIVERSITARIA, MEDIANTE LANZADEIRAS, DENDE A PRAZA DE ESPAÑA E PRAZA AMÉRICA. EXPTE. 75763/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.02.09, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 5.01.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, que di o seguinte:

*En data 5 de xaneiro de 2009 por parte deste servizo, formulase proposta para manter o servizo de transporte a cidade universitaria mediante lanzadeiras dende praza de España e praza de América.*

*A proposta foi informada favorablemente pola Asesoría Xurídica Municipal, no obstante a Intervención Municipal informa que na partida 5130.4700000 non existe saldo de crédito dispoñible para dar cobertura o gasto que se propon autorizar até un importe de 1.200.000 €*

No oficio de remisión a Intervención Municipal clarexavase que o importe do servizo que figura na proposta e un importe máximo, sin que poida fixarse o custo real do servizo por vir determinado pola aplicación dunha fórmula na que os factores que a conforman varían: número de viaxeiros, días de prestación do servizo que dependen dos días lectivos e quilómetros rodados.

O coste do servizo previsto inicialmente era un coste estimado e considerado dende o mes de xaneiro do presente ano.

A vista do exposto e considerando o saldo de crédito dispoñible na partida 5130.4700000 e o período para o que actualmente se propón o servizo, formulase a seguinte:

### PROPOSTA

1) Manter a modificación do sistema de transporte a Cidade Universitaria Lagoas Marcosende mediante lanzadeiras dende a praza de España e praza da América implantado na data 2 de maio de 2000, ata o 31 de decembro de 2009, nas seguintes condicións:

#### LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE AMÉRICA

franja horaria	Frecuencia	Coches	Viaxes
8:10 a 9:10	10´	6	12
9:10 a 13:10	30´	2	16
13:10 a 16:10	15´	4	22
16:10 a 19:10	30´	2	12
19:10 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		78	

#### LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE ESPAÑA

Franxa horaria	frecuencia	coches	Viaxes
8:10 a 9:10	15´	4	8
9:10 a 13:10	30´	2	16
13:10 a 16:10	15´	4	22
16:10 a 19:10	30´	2	12
19:00 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		74	

TOTAL DE VIAXES POR DÍA EN AMBAS LANZADEIRAS	152
--	-----

1 viaxe cotiá praza de America-Cidade universitaria por Valadares ás 8,10 horas.

Os transbordos coas lanzadeiras poderan realizarse durante un prazo de 75 minutos dende a cancelación do primer viaxe.

2) Como contraprestación económica polo servizo prestado practicarase unha liquidación mensual coa seguinte fórmula:

$$(Pk* (Kn/Dn - Ko/Do) - Pbn*(Un/Dn - Uo/Do))*Dn$$

Onde

Kn Km rodados ó mes en lanzadeiras + R7 (ano liquidación)

Ko Km rodados ó mes en CUVIS + R8 (ano referencia 1999-2000)

Un N° usuarios lanzadeiras + R7 (ano liquidación)

Uo N° usuarios CUVI + R8 (ano referencia 1999-2000)

Pbn Prezo billete

Pk Prezo coche-km.

Dn N° días lectivos/mes (ano liquidación)

Do N° días lectivos/mes (ano referencia 1999-2000)

Se o resultado final da liquidación é menor que cero, VITRASA ingresará ao Concello a cantidade resultante no prazo de 30 días, se é maior que cero facturaralle ao Concello a diferenza mensualmente.

O prazo de vigencia do acordo preveese até o 31 de decembro de 2009: no obstante si durante o período de prestación do servizo e como consecuencia do estudo de transporte colectivo urbano ao Cuvi , se propón a modificación do mesmo ou os resultados das liquidacións efectuadas dacordo coa anterior fórmula agotasen o crédito existente, poderá adoptarse un novo acordo .

3) Aprobar en consecuencia a modificación do contrato suscrito entre a Concello de Vigo e a empresa Vitrasa concesionaria do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros na data 8 de xuño de 1995, incorporando o mesmo o contido dos números 1 e 2 do presente informe -proposta nos que se describen as condicións técnicas e económicas do servizo a Cidade Universitaria sita en Lagoas – Marcosende mediante autobuses lanzadeiras dende a praza da España e a praza de America.

4) Aprobar o gasto, a dispoñibilidade do crédito e realizar o abono dos gastos que se deriven do contido da modificación do servizo proposta até un importe de 750.000 euros con cargo á partida 51304700000 Subvención Lanzadeiras do orzamento correspondente ao ano 2009.

## **10(298).- PROPOSTA PARA DAR DE BAIXA MOTOCICLETAS COMO DESPEZAMENTO NO PATRIMONIO MUNICIPAL. EXPTE. 6488/445.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 3.03.09, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa como despezamento no Patrimonio municipal, debido ó seu estado de deterioro, as seguintes motocicletas:

Número	Matrícula	Tipo	Antigüidade
358	PO-1149-BF	MOTO	1997
359	PO-1150-BF	MOTO	1997
393	PO-5872-BD	MOTO	1997

**11(299).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA DO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE. 2122/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 5.03.09, conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno local, en sesión de 12 de febreiro de 2007, acordou adxudicar a “Vigilancia Integrada S.A.”, o concurso para a contratación do servizo de vixilancia do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”.*

*Según se establece na cláusula 4º do contrato o prazo deste será de dous anos, a contar dende o 6 de marzo de 2007, con posibilidade de dúas prorrogas dun ano cada unha.*

*Por parte do Director do Museo Municipal remite o expediente de contratacióná este servizo proponendo que dada a satisfacción do contrato procedería a prorroga por un ano mais.*

*A primeira revisión de prezos do contrato foi aprobada na XGL de 14 de xulio de 2008, por aplicación do incremento do IPC de 3,7% ó prezo inicial do contrato ( 97.681,07), fixandose éste na cantidade de 101.295,27 euros/ano.*

*Polo exposto proponse a XGL previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO*

*Aprobar a prorroga do contrato do servizo de vixilancia do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, adxudicado a empresa “Vigilancia Integrada S.A.”, por acordo da XGL de 12 de febreiro de 2007, polo periodo comprendido entre o 6 de marzo de 2009 ó 5 de marzo de 2010.*

*O prezo da prorroga será o prezo que actualmente está facturando a empresa, 101.295,27 euros/ano, pendente de revisar polo incremento do IPC febreiro 2008/2009.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(300).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO APARCAMENTO DA RÚA URZÁIZ.  
EXPTE.18558/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.01.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da entidade “Eloymar y Tranvías Electricos”, U.T.E.”, adxudataria da concesión de dominio público para a elaboración do proxecto de construción e explotación do aparcadoiro subterráneo na rúa Urzaiz ( pleno de 15 de abril de 1999), mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº de doc. 90007511, en data 20 de xaneiro de 2009, solicita a revisión das tarifas que se están aplicando polo utilización de dito aparcamento.*

*A posibilidade de revisión de tarifas, obxecto da presente solicitude, aparece recollida na cláusula IX do prego de cláusulas administrativas que rexeron a adxudicación de dita concesión, manifestando que dita revisión poderase aplicaráselle a partir do transcurso do primeir ano da posta en funcionamento e sucesivos, conforme ás variacións do IPC do periodo anual inmediato ó anterior.*

*En base a lei 44/2006 que modifica en parte a Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcadoiro na que se determina que o prezo do servizo de aparcadoiro determinarase en función do tempo real de prestación do mesmo, na Xunta de Goberno Local de 26 de febreiro de 2008, estableceuse un prezo de tarifa por uso de aparcadoiro por minuto, fixando a tarifa a aplicar no aparcadoiro da rúa Urzaiz nun importe de 0,0325 euro/minuto nos primeiros ochenta minutos e 0,0244 euro/minuto a partir do minuto 81.*

*As novas tarifas aprobados na XGL de 26 de febreiro, son equivalentes a tarifa hora que se estaba aplicando ata a data de aprobación destas, que en concreto era de 1,35 euro/hora \_ ( XGL de 12/02/2007 obtidas pola aplicación do incremento do IPC decembro 2005/2006 as vixentes perante o ano 2006)\_ , polo tanto estarán suxeitas á mesma cláusula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas que rexeu a adxudicación do concurso.*

*Na XGL de 29/04/2008 de aprobouse unha nova revisión de tarifas, establecendo estas na cantidade de 0,0339 euros nos primeiros 80 minutos e 0,0254 a partir do minuto 81. A vista de que o incremento do IPC do periodo decembro 2007/2008 foi do 1,4%, as tarifas revisadas, tal como solicita a empresa, serán:*

- 0,0344 euro/minuto nos primeiros 80 minutos.*
- 0,0258 euro/minuto a partir do minuto 81.*

*Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta Local de Goberno, a adopción do seguinte A C O R D O*

*Aprobar a revisión de Tarifas no aparcadoiro da rúa Urzaiz, adxudicado a entidade U.T.E. “Eloymar y Tranvías Electricos de Vigo”, a partir da data de aprobación do presente acordo, por*



aplicación do incremento do IPC decembro 2007/2008, de 1,4%, fixando a tarifa/minuto por uso do servizo de aparcadoiro na cantidade de:

- 0,0344 nos primeiros 80 minutos.
- 0,0258 a partir do minuto 81.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(301).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO APARCAMENTO DA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 18559/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.01.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*D. José Luis Ortega Gonzalez, en nome e representación da entidade Interparking Hispania, S.A., concesionaria da construción e explotación do aparcamento subterráneo na Praza de Portugal, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral, nº doc 80152656, solicita a revisión das tarifas que se están aplicando os usuarios de dito aparcamento.*

*O fundamento de dita solicitude atopase no prego de Condicións que no seu día rexeu a concesión da construción e explotación do aparcamento subterráneo, que establece como requisito para que se puidan revisar as tarifas, os seguintes : a) que transcorresen dous anos dende a derradeira revisión aprobada, b) que os coeficientes de revisión Kt, alcance para cada revisión aprobada polo menos un 10% de aumento, con respecto a última revisión aprobada ( cláusula XIV do prego de condicións e proposta presentada pola empresa no momento da adxudicación).*

*Por outra parte debese sinalar que na cláusula XVII do citado prego, en referencia o Canon que a concesionaria satisface o Concello deVigo, revisarase automaticamente cando sean revisadas as tarifas.*

*As tarifas que se estableceron no momento do otorgamento da concesión administrativa, segundo copia da escritura de adxudicación de obras e explotación do aparcamento subterráneo, de data 13 de decembro de 1973, nº 6.144, foron as seguintes:*

*Primeira hora ou fracción..... 0,0902 euros.  
Cada media hora ou fracción..... 0,0301 euros.*

*O canon inicial da concesión para construción e explotación do aparcamento era de 550.000 pts. ( 3.305,60 euros).*

*Con respecto o cálculo do coeficiente de revisión Kt, no Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 9 de novembro de 1998, aprobouse a modificación da fórmula que se aplicaba para o seu cálculo, quedando esta establecida da forma seguinte:*

$$Kt= 0,50 Mt/Mo + 0,10 ( St/So) +0,10 Et/Eo + 0,10 Ct/Co + 0,20$$

Os coeficientes con índice cero, corresponden ós índices de man de obra provincial, materiais siderúrgicos, enerxía e cemento, do ano de revisión.

Os coeficientes con subíndice t, corresponden os índices dos mesmos elementos citados no apartado anterior, correspondentes o ano no que se realice a revisión.

O motivo do cambio da fórmula de revisión surxira por que se deixara de publicar os índices de man de obra provincial, e así na citada sesión do pleno municipal acordouse que para o cálculo do coeficiente de revisión, aplicáraselle ó índice de man de obra utilizado na última revisión ( marzo 1994) o incremento que se produciría no índice de man de obra nacional desde ese ano ó ano no que se efectue a revisión de prezos correspondente.

En base o anterior a fórmula de revisión das tarifas quedaría da seguinte forma, adxuntase copia co valor dos distintos índices:

$$K_t = 0,50 ( 5983,79 / 315 ) + 0,10 ( 1.368,8 / 129,5 + 0,10 ( 3.453,1 / 120,2 ) + 0,10 ( 1.725,2 / 120,5 + 0,20 = 15,0595.$$

O valor do coeficiente de revisión  $K_t$ , unhavez aplicados os índices legalmente publicados, é o seguinte:  $K_t = 15,0595$ , cumpríndose así mesmo, os requisitos esixidos no prego para a procedencia de revisión, ó ter transcorrido máis de dous anos dende a última revisión ( XGL 20/03/2006) e superar en un 10% o último coeficiente de revisión aprobado (  $K_{2006} = 12,6242$ ), producíndose un incremento dun 19,29% (  $15,0595/12,6242$ ).

Na Xunta de Goberno Local de 26 de febreiro de 2008, en base a Lei 44/2006 que modifica a Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcadoiro, estableceuse un prezo por minuto de uso de aparcadoiro, na Praza de Portugal, de 0,0220 euro/minuto.

Este prezo da tarifa será obxecto de revisión, en base a aplicarlle o incremento producido ente o coeficiente da última revisión aprobada  $K_{t-1}$  e o coeficiente de revisión calculado no presente informe, ascendendo dito incremento a un 19,29%, que aplicado a tarifa aprobada na XGL de 26/02/2008 nos da un importe da tarifa revisada de 0,0262 euro/minuto.

Como no prego de condicións que no seu día rexeu a adjudicación da concesión prevese que o canon revisárase automaticamente no momento que se revisen as tarifas para obter este revisado, ó canon ofertado no seu día pola concesionaria, aplicáraselle o mesmo coeficiente que se aplica para a revisión das tarifas, obtendo un canon revisado de 49.780,68 euros/anuais.

Polo proposto propónse a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO

“Aprobar a revisión das tarifas do aparcamento da Praza de Portugal, solicitado pola actual concesionaria Interparking Hispania, S.A., e fixar as mesmas dende a data de aprobación do presente acordo, na cantidade de 0,0262 euros/minuto.

Así mesmo, fixar o canon a satisfacer a este Concello de Vigo no ano 2009 no importe de 49.780,68 euros/anuais.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(302).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO APARCAMENTO DA PORTA DO SOL. 18560/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.01.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*D. José Luís Ortega Gonzalez, en nome e representación da entidade Interparking Hispania, S.A., concesionaria da construción e explotación do aparcamento subterráneo na Porta do Sol, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral, nº doc 80152654, solicita a revisión das tarifas que se están aplicando os usuarios de dito aparcamento.*

*O fundamento de dita solicitude atopase no prego de Condicións que no seu día rexeu a concesión da construción e explotación do aparcamento subterráneo, que establece como requisito para que se puidan revisar as tarifas, os seguintes : a) que transcorresen tres anos dende a derradeira revisión aprobada, b) que os coeficientes de revisión Kt, alcance para cada revisión aprobada polo menos un 20% de aumento, con respecto a última revisión aprobada ( cláusula XVI do prego de condicións e proposta presentada pola empresa no momento da adxudicación).*

*Por outra parte debese sinalar que na cláusula XVII do citado prego, en referencia o Canon que a concesionaria satisface o Concello deVigo, que éste revisarse automaticamente cando sean revisadas as tarifas.*

*As tarifas que se estableceron no momento do otorgamento da concesión administrativa, segundo copia da escritura de adxudicación de obras e explotación do aparcamento subterráneo, de data 24 de outubro de 1.972, nº 2.596, foron as seguintes:*

*Primeira hora ou fracción..... 0,0902 euros.*

*Cada media hora ou fracción..... 0,0301 euros.*

*O canon inicial da concesión para construción e explotación do aparcamento era de 27.200 pts/ano, ( 163,48 euros).*

*Con respecto o cálculo do coeficiente de revisión Kt, no Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 9 de novembro de 1998,*

*aprobose a modificación da fórmula que se aplicaba para o seu cálculo, quedando esta establecida da forma seguinte:*

$$Kt= 0,50 Mt/Mo + 0,10 ( St/So) +0,10 Et/Eo + 0,10 Ct/Co + 0,20$$

*Os coeficientes con índice cero, corresponden ós índices de man de obra provincial, materiais siderúrgicos, enerxía e cemento, do ano de revisión.*

Os coeficientes con subíndice t, corresponden os índices dos mesmos elementos citados no apartado anterior, correspondentes o ano no que se realice a revisión.

O motivo do cambio da fórmula de revisión surxira por que se deixara de publicar os índices de man de obra provincial, e así na citada sesión do pleno municipal acordouse que para o cálculo do coeficiente de revisión, aplicáraselle o índice de man de obra \*provincial utilizado na última revisión ( marzo 1994) o incremento que se produciría no índice de man de obra nacional desde ese ano ( xaneiro 1994) ó ano no que se efectue a revisión de prezos correspondente.

En base o anterior a fórmula de revisión das tarifas quedaría da seguinte forma, adxuntase copia co valor dos distintos índices:

$$K_t = 0,50 ( 5983,79 / 204,5 ) + 0,10 ( 1.368,8 / 122,7 + 0,10 ( 3.453,1 / 113,1 ) + 0,10 ( 1.725,2 / 106,3 ) + 0,20 = 20,622$$

O valor do coeficiente de revisión  $K_t$ , unhas veces aplicados os índices legalmente publicados, é o seguinte:  $K_t = 20,622$  cumpríndose así mesmo os requisitos esixidos no prego para a procedencia de revisión, o haber transcurrido máis de tres anos dende a última revisión ( XGL 29/12/2003) e superar en un 20% o último coeficiente de revisión aprobado (  $K_{2003} = 16,1909$ ), producíndose un incremento dun 27,37% (  $20,622/16,1909$ ).

Na Xunta de Goberno Local de 26 de febreiro de 2008, en base a Lei 44/2006 que modifica a Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcadoiro, estableceuse un prezo por minuto de uso de aparcadoiro da Porta do Sol, de 0,0282 euro/minuto.

Este prezo da tarifa será obxecto de revisión, en base a aplicarlle o incremento producido ente o coeficiente da última revisión aprobada  $K_{t-1}$  e o coeficiente de revisión calculado no presente informe, ascendendo dito incremento a un 27,37%, que aplicado a tarifa aprobada na XGL de 26/02/2008, - 0,0282 euro/minuto-, nos dá un importe da tarifa revisada de 0,0359 euro/minuto.

Como no prego de condicións que no seu día rexeu a adxudicación da concesión prevese que o canon revisárase automaticamente no momento que se revisen as tarifas para obter este revisado, ó canon ofertado no seu día pola concesionaria, aplicáraselle o mesmo coeficiente que se aplica para a revisión das tarifas, obtendo un canon revisado de 3.371,28 euros/anuais.

Polo proposto propónse a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión das tarifas do aparcamento da Porta do Sol, solicitado pola actual concesionaria Interparking Hispania, S.A., e fixar as mesmas dende a data de aprobación do presente acordo, na cantidade de 0,0359 euros/minuto.

Así mesmo, fixar o canon a satisfacer a este Concello de Vigo no ano 2009 no importe de 3.371,28 euros/anuais.

**15(303).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECTIFICACIÓN INVENTARIAL DE BAIXA DO RAMAL 2 DO CAMIÑO A BAIXADA Ó RÍO-MOLEDO. EXPTE. 17909/240. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 2.03.09, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 noviembre , do Patrimonio das Administracións Publicas (LPAAPP)*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

*ANTECEDENTES DE FEITO:*

*Da. Consuelo Perez Rodriguez, formula recurso de reposicion o 22.10.2008 contra acordo da Xunta de Goberno Local de 27.08.2008 polo que desestimouse a rectificación inventarial de baixa do Ramal 2 do camiño a Baixada ao Rio, en Moledo-Sardoma. Acordo que foille notificado ao interesado en data 24 de setembro do 2008.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*PRIMEIRO.- Procede admitir a tramite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.*

*O interesado no seu recurso manifesta que dito camiño é un camiño de servizo a catro fincvas, que tratase dunha servidume de paso e non dunha via pública, procedendo a revisión do Inventario por carecer o Concello de titularidade sobre o mesmo, e tratarse dun camiño de servizo.*

*SEGUNDO-. Ninguan destas alegacions ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se exise no art. 107 do citado texto legal, nos se observa tampouco dita concorrencia, resultando o alegado unha remisión a configuración como unha servidume de paso ou camiño de servizo a fincas, en base a documentación xa aportada na instrucción do expediente, e que foi resolta por acordo da Xunta de Goberno de 27.08.2008.*

*No acordo, agora recurrido, resolve sobre a solicitude principal do interesado, para a desafectación do R-2 do camiño de Baixada ao Rio ao uso publico o que ven sendo destinado e tal como se reflecta no inventario municipal de bens e dereitos deste Concello, sen que o alegado por este desvirtuen os razonamentos xuridicos na que basease dita resolución.*

*As cuestións plantexadas xa foron informadas e resoltas no acordo adoptado pola xunta de Goberno local. Así, nos fundamentos xurídicos que serven de base ao acordo recurrido, faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación o solicitado polo interesado, sinalándose en relación os dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que a controversia deberase centrar na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto da posesión pública e pacífica por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdicción civil dacordo co art. 5 da LEC.*

*Neste senso, no que atinxe o uso público do camiño, xa sinalabase que dito ramal conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta Administración (F.X. 3º), ademais de atoparse perfectamente delimitado por peches das fincas colindantes, ou aparecer reflectido no plano Lecar do ano 1964 (informe do topógrafo municipal do 27.08.2007).*

*TERCEIRO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 2.08.2008, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por Da. Consuelo Perez Rodriguez contra o acordo da Xunta de Goberno Local 27.08.2008 o non resultar desvirtuados, polos razonamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente.

#### **16(304).- DEVOLUCIÓN GARANTÍA A EULEN S.A. EXPTE. 2610/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 9.03.09 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 10.03.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Eulen S.A. as fianzas de 3.071,92 € e 3.857,87 € constituída para responder dos servizos en Centros Cívicos e bibliotecas de proximidade xa que foron executados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**17(305).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA XESTIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL E DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 4799/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 26.02.09, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2006 aprobou a adxudicación do concurso para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, á empresa “Van Divulgación Cultural, S.L.” por un importe anual de 73.008 euros, con cargo á partida 4531.227.06.01. O prazo do contrato é de dous anos, contado a partir do día seguinte ó da sinatura do mesmo, que tivo lugar o 15 de novembro de 2006, e a data de apertura de ofertas pola Mesa de Contratación foi o 2 de outubro de 2006.*

*A Xunta de Goberno Local de 18 de febreiro de 2008 autorizou a revisión de prezos do contrato para o período (erro corrixido por acordos tamén do mesmo órgano nas sesións do 5 maio e 17 de xullo, a proposta do servizo) setembro 2006-outubro 2007.*

*A Xunta de Goberno Local de 17 de novembro de 2008 acordou autoriza-la prórroga para o período comprendido entre o 16-11-2008 ó 15-11-2009 do contrato.*

*O importe da prórroga é de 75.928,32 euros, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputa á partida 4531 2270601 de acordo coa seguinte distribución: 9.491,04 euros no ano 2008 e 66.437,28 euros no ano 2009.*

*O punto terceiro do prego de cláusulas administrativas particulares recolle a revisión de prezos do xeito seguinte:*

*“Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 9.1 da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no apartado 9.2 da FEC. A súa aplicación aterase ó previsto nos artigos 103 e 104 do TRLCAP.*

*O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.”*

*Así, o artigo 9.1 da FEC sinala que sí procede a revisión de prezos, e o 9.2 determina o seguinte:*

*“... As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a data da revisión inmediatamente anterior.”*

*Deste xeito, o período de cálculo do IPC é outubro 2007 – outubro 2008, e segundo os datos do INE que se xuntan, o aumento é de un 3,6%.*

*Polo exposto, SOLICÍTASE DESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:*

*Autorizar disposición de crédito por importe de 2.733,42 euros na partida 4531.227.06.01, en execución do punto terceiro do prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso dos servizos de xestión do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, adxudicado pola Xunta de*

*Goberno Local de 16 de outubro de 2006 á empresa “Van Divulgación Cultural, S.L.”, en concepto de revisión de prezos correspondente ao período outubro 2007-outubro 2008.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(306).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E A DIRECCIÓN DE OBRA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE “CUBRICIÓN DA RÚA DAS OSTRAS”. EXPTE. 2794/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Comercio, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, que di o seguinte:

*Con data 30/12/2008 a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar definitivamente a Agrupconsa, S.L. a execución das obras de cubrición da rúa das Ostras-Pescadería (expte 2462/104) por un prezo total de 92.257,54 €. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17/11/2008 e a oferta presentada.*

*Sendo preciso nomear un director dos traballos e tendo en conta a non disponibilidade de medios propios que fagan posible a realización do seguimento da execución dos traballos, propónse nomear aos arquitectos D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa desta obra.*

*Ao mesmo tempo, a empresa adxudicataria Agrupconsa, S.L., informa favorablemente o plan de seguridade e saúde adecuado á execución dos traballos, segundo o establecido no artigo 7 do R.D. 1627/1997 de 24 de outubro, polo que establécense disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (B.O.E. 25.10.97), o devandito plan analiza, estuda desenvolve e complementa as previsións do Estudio en función do propio sistema de execución da obra, segundo establece o apartado 1 do art. 7 do R.D. 1627/97.*

*Este plan esta rubricado favorablemente en marzo de 2009 por D. Francisco Javier Fafián Mosquera, arquitecto técnico que estará en todo momento na obra e se axusta ao estipulado na lexislación vixente.*

*Visto o informe anterior, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

1.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS TECNICO, S.L.P.

2.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos 04 Arquitectos S.L., para desenvolver a dirección facultativa das obras de “Cubrición da rúa das Ostras (Pescadería)”.



3.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de coordinación e supervisión técnica da obra de “Cubrición da rúa das Ostras (Pescadería)”

4.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra “Cubrición da rúa das Ostras (Pescadería)”, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(307).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E A DIRECCIÓN DE OBRA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS SE “REFORMA DO MERCADO DE A PEDRA”. EXPTE. 2795/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Comercio, do 11.03.09, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, que di o seguinte:

*Con data 30 de decembro de 2009 a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar definitivamente a Agrupconsa, S.L. a execución das obras de reforma do Mercado Municipal de A Pedra (expte 2590/104) por un prezo total de 182.098,18 €. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 5 de decembro de 2009 e a oferta presentada.*

*Sendo preciso nomear un director dos traballos e tendo en conta a non disponibilidade de medios propios que fagan posible a realización do seguimento da execución dos traballos, proponse nomear aos arquitectos D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa desta obra.*

*Ao mesmo tempo, a empresa adxudicataria Agrupconsa, S.L., informa favorablemente o plan de seguridade e saúde adecuado á execución dos traballos, segundo o establecido no artigo 7 do R.D. 1627/1997 de 24 de outubro, polo que establécense disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (B.O.E. 25.10.97), o devandito plan analiza, estuda desenvolve e complementa as previsións do Estudio en función do propio sistema de execución da obra, segundo establece o apartado 1 do art. 7 do R.D. 1627/1997.*

*Este plan esta rubricado favorablemente en marzo de 2009 por D. Francisco Javier Fafián Mosquera, arquitecto técnico que estará en todo momento na obra e se axusta ao estipulado na lexislación vixente.*

**Visto o informe anterior, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

1.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS TECNICO, S.L.P.

2.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos 04 Arquitectos S.L., para desenvolver a dirección facultativa das obras de “Reforma do Mercado Municipal de A Pedra”.

3.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de coordinación e supervisión técnica da obra de “Reforma do Mercado Municipal de A Pedra”

4.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra “Reforma do Mercado Municipal de A Pedra”, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(308).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN (LIÑA MERCA) Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA Ó ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2008 PARA A MODERNIZACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 65/551.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do asesor en materia de Mercados, do 12.03.09, conformado polo concelleiro de Comercio, que di o seguinte:

#### *FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO*

